

Bloque

Fene

Número 2 / Febreiro 2009

Impreso postal sen enderezo

Entrevista con Anxo Quintana, candidato á presidencia da Xunta “O BNG quiere hacer política para a xente cun proxecto transformador”



Anxo Quintana na Convención Nacional

As enquisas falan dunha reedición do bipartito despois do 1-M. Que papel xogaría o BNG nese escenario?

O que constatan todas as enquisas e, sobre todo, o sentir na rúa é que o BNG vai ascender nestas eleccións. O que queda por ver é canto e agora fica o traballo para que esta ascensión sexa o meirande posíbel. Ésta é a única incógnita que hai que despexar nestas eleccións porque é evidente que o PP non vai gobernar e todos lle outorgan ao PSOE unha representación parecida á que xa ten. A novidade nestas eleccións é o BNG e iso é produto dun traballo moi intenso no goberno e de toda a militancia durante estes anos, que colocou o nacionalismo no mellor momento político da súa historia. Agora o que convén é mobilizar todos os esforzos para aproveitar esta grandísima oportunidade histórica. Ante unhas expectativas así non nos poñemos límites no noso ascenso nin nas nosas pretensións.

Que propostas do programa do BNG serán determinantes na transformación e o avance do país?

Hai tres ámbitos nos que se desenvolve o noso proxecto para a próxima lexislatura. O primeiro é facer política para a xente. Nesta crise económica fálase demasiado dos bancos, da bolsa e das grandes operacións financeiras, e pouco da xente que está no paro, que ten medo a perder o seu posto de traballo, que non durme pensando en como pagar a súa hipoteca. Ésa é a xente que ao BNG lle interesa, para a que queremos

facen política e por iso temos que consolidar o Sistema Galego de Benestar e o Plan Sectorial de Vivenda protexida; por iso é tan importante seguir xerando emprego e fortalecer os nosos sectores estratéxicos como o naval, pondo en marcha o estaleiro de Astano en Fene; por iso é tan importante conseguirmos na próxima lexislatura ter un grupo lácteo que estructure o mundo rural.

O BNG é un proxecto transformador. Non nos conformamos con xestionar o presente, queremos transformar a realidade a favor das maiorías sociais. Queremos pór en marcha un modelo económico diferente ao que sempre defendeu o PP. Hoxe moitas empresas e familias atópanse con problemas para conseguir crédito e por iso é tan importante pór en marcha un Instituto de Crédito Oficial de Galiza, porque é necesario que a Administración Pública cubra ese terreo.

“Temos que conseguir nos vindeiros catro anos que Galiza ocupe o lugar institucional que lle corresponde”

En terceiro lugar, todo o mundo sabe que a presenza do BNG no goberno e a nosa representación en Madrid servíu para que Galiza teña outro papel dentro da política de Estado e temos que conseguir nos vindeiros catro anos que Galiza ocupe o lugar institucional que lle corresponde. Para iso é necesario un Novo Estatuto que recoñeza o noso carácter nacional, dun ámbito competencial ambicioso, con un modelo de financiamento que permita executalo con garantías e que lle dea ao galego o mesmo estatus xurídico-político que o castelán.

Pensa que a coincidencia das eleccións galegas coas vascas pode restar protagonismo a Galiza?

Hai algunhas forzas políticas preocupadas porque, ao coincidir coas eleccións vascas, Madrid vaille prestar menos atención a Galiza. Nós temos que estar encantados por iso. Canta menos atención nos presten desde Madrid, menos barbaridades imos escoitar. A xente sabe que o 1-M o que toca é Galiza, que imos votar para acadar as mellores solucións aos problemas dos galegos e galegas, e esas son as solucións que ten o BNG.



www.bng-galiza.org
Edita: BNG Fene

Un programa para ter máis avances e máis futuro

Autogoberno

O BNG impulsará un novo Estatuto de Nación que protexa os nosos sinais de identidade, garanta a igualdade de estatus xurídico entre o galego e o castelán e asegure as competencias e os recursos financeiros que Galiza precisa. Mentres non se aprobe, continuará o traballo para establecer un marco de relacións bilaterais co Estado e para a transferencia de novas competencias, en especial, as de inspección e seguranza marítima, e as de tráfico e seguranza viaria. Ademais, darase un impulso ás relacións exteriores, promovendo a participación directa ante a UE e dedicando especial atención ás relacións con Portugal.

Medidas económicas

Apostamos pola reforma da Lei reguladora das Caixas de Aforro de Galiza co fin de democratizar a súa estrutura e estreitar o seu compromiso coa economía produtiva e a creación de emprego no país. Creación do Instituto Galego de Crédito. Impulsaremos o sector da construción naval galega, recuperando o estaleiro de Fene para a construción naval civil. Seguirase a impulsar o I+D+i co obxectivo de acadar un investimento do 2% sobre PIB no 2013. No tocante ás TIC, o BNG seguirá promovendo o software libre e estenderá ao 100% do país a cobertura de banda larga e TDT. Esta lexislatura será a da creación do Grupo Lácteo Galego e dunha nova Lei de Montes. O BNG tamén promoverá dun Plano Galego de Pesca de Baixura e Litoral que atenda á recuperación dos caladoiros, á súa explotación sustentábel e a comercialización a prezos rendíbeis.

Benestar e Igualdade

Apostamos por incrementar o complemento das pensións non contributivas. Impulsaranse dos programas de mantemento das persoas maiores no seu contorno, ampliando a cobertura dos servizos de proximidade. Por outra parte, apóstase por alcanzar a ratio de 5 prazas en residencias públicas por cada 100 maiores. O BNG aumentará a rede de Galescolas con 10.000 novas prazas



O BNG aposta por crear servizos de cercanías e xestionalos desde Galiza

e apostará polas medidas efectivas para rematar coa discriminación da muller no mundo do traballo.

Sanidade

Destaca a potenciación dun servizo sanitario público máis eficaz a través da integración do SERGAS das entidades subsistentes (O61, Galaria, Centro de Transfusións de Galiza, etc.) e da promoción da dedicación exclusiva dos profesionais. Alargarase até os 18 anos a atención bucodental básica e gratuíta.

Ensino

Apostaremos por un ensino público e galego. Así, o 6% do orzamento galego debe destinarse a esta área, coa finalidade de incrementar o profesorado e o persoal de apoio no ensino obrigatorio, para reducir o número de alumnos por aula. No referente á Universidade, apóstase pola converxencia coa porcentaxe estatal de gasto por alumno. Dentro do impulso á investigación universitaria, aprobaremos o Estatuto e a Carreira Profesional para o Persoal Investigador.

Infraestruturas e Vivenda

O BNG apostará pola transferencia a Galiza da xestión da AP-9 e das autovías coa meseta. Así mesmo, crearase un Ente Ferroviario Galego para a prestación dos servizos de cercanías nas áreas metropolitanas e urbanas de Galiza. En Vivenda, construiremos 45.000 vivendas protexidas nos próximos oito anos. Así mesmo, promoveremos a dotación de 20 millóns de m2 de solo produtivo na vindeira lexislatura.

Cultura, deporte e lingua

Posta en marcha da Cidade da Cultura como axente promotor da produción e innovación culturais, impulsor da presenza internacional da nosa cultura e da protección do patrimonio e mais tamén como activo para o desenvolvemento económico de Galiza. Promoverase a práctica deportiva entre todos os galegos e galegas e impulsarase a presenza internacional das nosas seleccións. Daremos un novo impulso aos procesos de normalización do noso idioma: financiamento e cumprimento efectivo tanto do Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega como do Decreto de uso do Galego no Ensino.

Ambiente

Impulso dunha nova política de xestión de residuos a través da reformulación de SOGAMA cara a reciclaxe e a reutilización, combinada coa implantación de complexos de compostaxe de ámbito comarcal. Prohibiranse novos aproveitamentos hidroeléctricos nos xa saturados ríos galegos.

Administración, seguranza e Xustiza

Esta lexislatura será a do despregamento da Policía Galega, coas máximas competencias posibles. O BNG promoverá a desburocratización da administración pública e un Pacto Galego pola Xustiza. Así mesmo, aprobarase nos seis primeiros meses da lexislatura a reforma da CRTVG.

Ana Pontón, candidata número 2 pola Coruña

“O nacionalismo debe ter máis peso para que as políticas de cambio transformador se leven adiante en plenitude”



Coa tranquilidade que dá o traballo ben feito e con moita ilusión. Así é como afronta Ana Pontón esta campaña electoral. A número dous pola Coruña opina que a sociedade galega valora o labor do BNG nestes catro anos e aposta pola necesidade de que o nacionalismo continúe despois do 1-M co seu labor transformador desde o goberno.

Todo apunta a unha reedición do bipartito. Cal cre que será o papel do BNG neste escenario?

Un dos obxectivos fundamentais é que o BNG teña máis representación, máis peso no goberno e, polo tanto, aspiramos a que o vindeiro presidente da Xunta sexa nacionalista. Estes anos demostran que políticas pensadas desde Galiza, sen condicionantes, teñen resultados positivos e así se pode comprobar nas diferentes áreas en que o BNG tivo responsabilidades.

É importante para o futuro do país que o nacionalismo teña máis peso e, polo tanto, que as políticas de cambio transformador que levamos no programa se poidan levar adiante na súa plenitude.

Nestes anos exerceu a portavocía no Parlamento en Igualdade. Que propostas aportará o BNG para a vindeira lexislatura?

Déronse pasos moi importantes na pasada lexislatura. Superouse o enfoque do PP de considerar as políticas de igualdade como algo meramente decorativo.

Destacaría propostas como a creación dunha Defensoría da Igualdade. Será importante á hora de crear ámbitos especializados e independentes na Administración Pública que nos permitan ir atacando as desigualdades. Será un organismo que denuncie as discriminacións e no que as mulleres van ter unha aliada.

Tamén exerceu a portavocía no ámbito de Xuventude

Se algo demostra esta lexislatura é que as políticas de xuventude son algo máis que ideas para o ocio e o tempo libre, que se pode aplicar un enfoque transversal. Hai que consolidar proxectos postos en marcha como a rede de centros Quérote, ou a de locais de Ensaio, pioneiros na UE.

Queremos unha Lei de Mocidade na vindeira lexislatura para que, por vez primeira, estas políticas se establezan con rango de norma. Esta lei pechará moitos dos ámbitos xa iniciados en política xuvenil.

Finalmente, tamén foi portavoz en Medio Ambiente...

Lamentábelmente, moitas das situacións que herdamos do PP non están solucionadas ou ben encarriladas.

Nomeadamente, dúas cuestións. En primeiro lugar, a próxima ten que ser a lexislatura na que o saneamento integral das nosas rías sexa unha realidade.

Cómpre desenvolver un novo modelo de xestión dos nosos residuos. Nesta lexislatura o PSOE optou por dar continuidade ao modelo anterior. Sogama é un edificio no que se intentou facer unha reforma parcial pero está claro que, se o que fallaba era a estrutura, era necesario derrubar o edificio e construír un novo.

Cales son as asignaturas pendentes da provincia da Coruña?

Apostamos pola creación de dúas áreas metropolitanas no actual ámbito provincial. Unha debería ser A Coruña-Ferrol e outra na capital galega.

Na Coruña están algunhas das zonas con máis importancia leiteira do país. Hai un sector lácteo moi relevante que a UE sitúa entre as áreas de maior futuro. É importante o desenvolvemento de iniciativas e o mantemento do contrato de

explotación sustentábel, a orientación de que os fondos deben ir para quen quer producir. Por isto apostamos por un grupo lácteo galego que permita dimensionar o sector.

Astano debe volver á construción naval-civil. Non se podía permitir antes e non é defendíbel que nun momento en que se poderían estar creando postos de traballo se mantese un veto político.

No caso do Barbanza, Muros-Noia e Santiago, nesta lexislatura sentáronse as bases para o desenvolvemento do chan industrial e debemos continuar nese traballo.

“Sogama é un edificio cun fallo estrutural no que se intentaron facer reformas parciais”

Fene vai dispoñer da segunda Galescola

A tenente de alcalde nacionalista, Rita Couto, ten avanzado na chegada do Sistema Galego de Benestar, que auspicia a Vicepresidencia da Xunta de Galiza, a Fene coa cesión dos terreos da antiga escola unitaria do Carril ao Consorcio Galego de Servizos Sociais. Con esta iniciativa no primeiro trimestre de 2009 darán comenzo as obras desta segunda Galescola

en Fene. O servizo conta actualmente cunha lista de agarda de 39 crianzas. Dende a Vicepresidencia da Xunta de Galiza tense comprometida a construción dun centro de día.



Foto da primeira Galescola de Fene

Vilar do Colo instala o sistema Wimax



Rita Couto, primeira tenente de alcalde e Manuel Polo, portavoz do BNG e concelleiro de Promoción Económica

A Consellaría de Innovación e Industria, de responsabilidade nacionalista, con cargo ao orzamento de 4,3 millóns de euros para implantación de redes de nos polígonos industriais, fixo realidade a instalación do sistema Wimax para dar cobertura de banda larga no polígono industrial de Vilar do Colo que comparten Fene e Cabanas e que dará servizo a todo o polígono. Temos que lembrar que, a fenda tecnolóxica que padece esta zona industrial, está a por en dificultades a numerosas industrias alí instaladas.

No acto participou o delgado provincial de innovación e Industria, Luis Barcia, e a directora xeral de Promoción Industrial, Helena Veiguela.

A Galaxia Imaxinaria xa está en obras

O Plan de dinamización turística Ferrol Ortegal impulsado polo vicepresidente da Deputación da Coruña, o nacionalista Pablo Villamar, achegou a Fene unha obra singular: A Galaxia Imaxinaria. Un parque de inspiración literaria que ocupa parte dos terreos da antiga finca de Cela, en Fene. O parque estará rematado a vindeira primavera e xerará un novo espazo de lecer para a xente de Fene e para os viaxeiros e viaxeiras que se acheguen polo Camiño Inglés ou pola estrada 651 Ferrol-A Coruña.



Obras no parque Castelao onde se constrúe a Galaxia Imaxinaria

San Valentín recibe máis de 250.000 euros para accesibilidade



Vista de San Valentín

A conselleira de Vivenda e Solo, Teresa Táboas, ven de comprometerse no investimento de 220.000 euros na eliminación de barreiras nos portais das vivendas de San Valentín. Logo do apoio da Consellaría na instalación dos ascensores no Barrio, desde o BNG seguíronse as xestións perante

a conselleira nacionalista pola tenente de alcalde, Rita Couto, e o concelleiro do BNG, Manuel Pico.

Accesibilidade tamén nas instalacións deportivas

Por outra banda no mes de xaneiro vense de solicitar por medio dunha

subvención ao goberno da Deputación da Coruña, onde participa o BNG, a instalación dun ascensor no pavillón polideportivo da Xunqueira, tamén para a parroquia fenesa de San Valentín, por importe de preto de 125.000 euros.

Éxito do programa piloto de compostaxe caseiro

A concelleira do BNG de Servizos e Mantemento do Concello de Fene, lanzou un programa experimental de compostaxe caseira.

O número de composteiros a distribuír foi de 30 e a demanda superou o cento de persoas. O Programa preténdese ampliar cara este ano 2009.

Consistiu na cesión totalmente gratuíta dun composteiro así como asesoramento técnico por parte da asociación ecoloxista ADEGA durante os primeiros meses.

Melloras para a rede semafórica do concello



Inés Roca, concelleira de Servizos e Mantemento no momento da instalación

A Concellaría de Servizos e Mantemento dirixida pola nacionalista Inés Roca, como froito das xestións realizadas acadou unha subvención de 80.000 euros para substitución de ópticas de semáforos de nova tecnoloxía LED.

As obras consisten en substituír as lámpadas de tipo incandescente ou halóxeno de semáforos, por tecnoloxía LED. A súa aplicación permite un importante aforro enerxético e de mantemento xa que a vida útil da lámpada convencional é de 5.000 horas e con esta nova tecnoloxía é de 100.000 horas, aportando seguridade ao tráfico pola maior fiabilidade e durabilidade e unha maior percepción do ollo humano.

Promoción Económica lanza un programa de apoio ao comercio local

Nos meses de decembro e xaneiro a concellaría de Promoción Económica, que dirixe o tenente de alcalde e portavoz do BNG, Manuel Polo, puxo en marcha unha batería de medidas de apoio ao comercio local.

Cabe destacar a campaña xeral de apoio ao comercio local con publicidade e servizo de ludoteca para a clientela.

Tamén a colaboración coa Asociación do Comercio, Hostalería e Servizos de Fene, O Cruceiro, para promover

e potenciar o consumo de Nadal.

E finalmente o programa "Ven a Fene, quédate coa música", a base de actuacións musicais en colaboración coa hostalería e os grupos de música locais.



Pancarta da Campaña de Promoción Económica

O alumeado do Nadal faise grazas á colaboración co Comercio de Fene

A asociación O Cruceiro de Fene en colaboración coa concellaría de Promoción Económica, de responsabilidade do BNG no goberno local, instalaron máis puntos e arcos do alumeado de Nadal e de mellor

calidade respecto a anos anteriores. Dende a concellaría nacionalista fíxose un esforzo para mellorar xunto cos comerciantes a instalación do alumeado de Nadal ampliándose nas entradas do concello por Fene

e Perlío e instalándose por primeira vez en San Valentín. A proposta da concellaría de cara o 2009 será de asumir o custe do alumeado e apoiar as actividades de dinamización da Asociación O Cruceiro.

A Vicepresidencia da Xunta de Galiza fai posíbel o “Xantar na Casa”

Dende a concellaría de Benestar e Igualdade dirixida pola nacionalista Rita Couto, púxose o pasado mes de outubro en marcha o programa “Xantar na Casa”.

O programa é un servizo de comida a domicilio que pretende garantir unha alimentación equilibrada e de calidade

adaptada ás necesidades de persoas maiores ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coas compras ou elaboración de menús.

O proxecto consiste na entrega a domicilio do xantar das persoas se-

leccionadas polos servizos sociais municipais, que cumpran os requisitos establecidos. Dito programa artículase a través da xestión directa por parte do Consorcio Galego de Benestar e Igualdade e colaboración coa Vicepresidencia da Xunta de Galiza.

Máis de 1 millón de euros en obras van a ser investidos en Fene

Obras aprobadas nos anos 2006, 2007 e 2008 pendentes de executar dos diferentes plans de obras e servizos da Deputación da Coruña

Parroquia	Obras
Barallobre	<ul style="list-style-type: none"> • Sumidoiros camiño do Casal de Sandulce • Camiño de Tras do Río
Maniños	<ul style="list-style-type: none"> • Acometida de Auga e Alcantarillado ao Parque do Río Baa • Saneamento do Camiño do Catalán
San Valentín	<ul style="list-style-type: none"> • 2º e 3ª Fase de Reurbanización • Camiños de Tellerías
Sillobre	<ul style="list-style-type: none"> • Camiño do Valado a Río de Saa • Sumidoiros de Lubian 1ª Fase
Magalofes	<ul style="list-style-type: none"> • Sumidoiros de Fontenova 2ª Fase • Camiño de Punxeiro • Camiño do Basante • Cruce do Rego da Moa
Limodre	<ul style="list-style-type: none"> • Praia Río Sandeu • Auga a Río Castro • Mellora do Cruce da Estrada de Redes • Camiño do Campanario
Perlío	<ul style="list-style-type: none"> • Reposición de acometida de Auga Rúa Alta • Camiño da Carqueixa • Muro das Chancas
Fene	<ul style="list-style-type: none"> • Reposición de Auga nas Avenidas Naturais e Porta do Sol • Reposición de Auga da Rúa da Fraga

A Contracapa

Unha Iniciativa popular para reactivar Astano

Dende o BNG comarcal lanzouse, no mes de setembro, a idea de impulsar unha iniciativa legislativa popular (I.L.P.) sobre o fomento e a defensa do sector naval de Galiza. Trátase basicamente de proporlle unha lei ao Parlamento galego dende a sociedade. A suma de persoas preocupadas pola volta de ASTANO á construción naval civil é o nexa común. Prexubilados e traballadores en activo dos estaleiros, persoas da cultura, da universidade, do empresariado e do movemento asociativo, son os referentes que constitúen a coordinadora da iniciativa, como Xaquín Marín, Edgar Vigo, Suso Bello, Jesús Varela, Manuel Dopico, Medos Romero, Pedro Seco, Xosé Ramón Franco ou Manuel López Foxo, son exemplos de persoas que lonxe das lexítimas posicións ideolóxicas de cada quen, defenden a volta de ASTANO á construción naval civil sen máis restricións que as da súa propia capacidade produtiva. Por isto en poucos días teremos a oportunidade de asinar en apoio a esta proposta. Este ten que ser un traballo colectivo, ilusionante e de toda a sociedade.



Fene ten que reclamar a construción civil para o estaleiro

En tempos de crise económica e crise do propio sistema capitalista, nun momento de forte incremento do paro e nun contexto de gran demanda acumulada da construción naval a nivel mundial, non podemos permitirmonos o luxo

de ter as instalacións de ASTANO abandonadas e nun progresivo deterioro.

A UE está cambiando as normas de xogo, dando axudas a sectores como o financeiro ou a automoción, inauditas na súa política neoliberal. É, pois, o momento axeitado para abrir a renegociación do acordo do 2005, no que o goberno do Estado secuestraba a ASTANO do mercado da construción naval civil, deixándoo como un taller auxiliar de Navantia Ferrol.

É o momento de xerar emprego, de recuperar o pulso e de levantar un veto inxusto ao que estamos sendo sometidos.

O BNG, desde todos os campos institucionais, vai por todo o entusiasmo e empeño en reactivar o estaleiro, pero non só o BNG. Ten que ser toda a sociedade comarcal comezando por Fene, polas súas asociacións, pola súa veciñanza, polas persoas desempregadas. É o momento de afrontar o futuro con ilusión, con esperanza e con paixón. Na recuperación de ASTANO vaille a vida a Fene, vains a todos e todas nós.

O Conselleiro nacionalista Fernando Blanco, ao fronte da Consellaría de Innovación e Industria, así como a Directora Xeral de Promoción Industrial, Helena Veiguela, traballaron arreo desde o goberno galego para reabrir ASTANO á fabricación de buques, implicando nesta iniciativa política á SEPI, ás tres forzas políticas da cámara galega, aos sindicatos, aos empresarios do sector naval, ás dúas caixas de aforro e a diferentes cargos políticos do Goberno Central e da Unión Europea. E se todo isto se fixo é porque por primeira vez na historia política de Galiza hai un conselleiro de Industria que non se queda cos brazos cruzados diante da destrución e da lenta agonía dunha das industrias que máis vida lle dou a Fene e á comarca de Ferrolterra.

O que está a suceder con ASTANO demostra a necesidade de que a Xunta de Galiza asuma plenas competencias en materia industrial para deste xeito poder defender e impulsar un sector que é estratéxico para a economía galega. Desde o BNG seguiremos traballando para que futuro Estatuto de Nación contemple os instrumentos necesarios para que os poderes públicos galegos podan exercer máis eficazmente a defensa do sector naval galego.

Como contactar co BNG de Fene:

Avda Naturais, 41-43, baixo traseiro
Teléfono: 981 342 984 Fax: 981 342 984
e-mail: bngfene@gmail.com
<http://www.bng-galiza.org/BNG/ferrolterra/>

